

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 28 de setembro de 2004 pola que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, en aplicación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

A Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, regula as condicións básicas ás que estarán sometidos os aproveitamentos madeirables e leñosos. O desenvolvemento destas condicións déixase ao arbitrio do órgano forestal da Comunidade Autónoma, en cumprimento do recollido no Estatuto de autonomía de Galicia, que no seu artigo 27.10º recolle a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia no desenvolvemento normativo en materia de montes e aproveitamentos forestais.

Ata a aprobación dunha próxima Lei de montes de Galicia e co fin de non paralizar a actividade produtiva nos montes galegos, desenvólvese de forma transitoria un procedemento para posibilitar a aplicación do artigo 37 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, nos montes da Comunidade Autónoma de Galicia, relativo aos aproveitamentos madeirables e leñosos.

En virtude de todo o exposto, e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Notificacións.

1. Os aproveitamentos madeireiros e leñosos de calquera especie, nos montes privados de xestión privada, que contén cun instrumento de xestión aprobado pola Administración forestal, e que se realicen seguindo as prescricións contidas nel, requirirán, unicamente, a notificación previa á Administración forestal (anexo II).

Na devandita notificación figurará, como mínimo, o número de expediente do Rexistro de Proxectos de Ordenación e Plans Técnicos de Xestión do instrumento de xestión aprobado pola Administración forestal, o cantón ou rodal onde se ten previsto efectuar o aproveitamento, e o número de pés e volume por especie obxecto de aproveitamento. No caso de que o aproveitamento non se axuste o previsto no instrumento de xestión, deberá xuntarse xustificación técnica da modificación proposta.

2. Mediante resolución motivada, poderá denegarse ou condicionarse a execución dos aproveitamentos

nestes montes, nun prazo de quince días, enténdéndose aceptado no caso de non emitirse resolución expresa no devandito prazo.

Artigo 2º.-Autorizacións con emisión nun prazo máximo de 15 días.

1. Os aproveitamentos madeireiros e leñosos en montes privados de xestión privada de superficie inferior a 25 ha arboradas, que non contén cun instrumento de xestión aprobado pola Administración forestal, así como calquera actividade ou obra que non implique un cambio de uso e que sexa necesaria para a realización deste aproveitamento, requirirán autorización previa da Administración forestal.

2. A solicitude de autorización do aproveitamento deberá incluír, como mínimo os seguintes datos: a localización, a superficie obxecto do aproveitamento, o número de pés e volume por especie afectada. En todo caso, a comprobación, pola Administración forestal, dos datos que se incorporan á solicitude de autorización será potestativa (anexo III).

3. A Administración forestal emitirá as autorizacións nun prazo máximo de 15 días, contados desde a formalización da solicitude. No caso de non emitirse autorización no prazo de 15 días entenderase estimada a solicitude. Se a resolución fose negativa deberá xustificarse tecnicamente.

Artigo 3º.-Autorizacións con emisión nun prazo máximo de 30 días.

1. Os aproveitamentos madeireiros, leñosos, de cortiza e de resinas que se realicen en montes de máis de 25 ha arboradas que non contén cun instrumento de xestión aprobado, así como calquera actividade ou obra que non implique un cambio de uso e que sexa necesaria para a realización do aproveitamento nestes montes, deberán contar cunha autorización da Administración forestal.

En todo caso, as cortas en masas de especies recollidas no anexo I requirirán autorización conforme o previsto neste artigo, salvo nos supostos en que contén cun instrumento de xestión forestal aprobado pola Administración, neste caso será necesaria unha notificación de acordo co establecido no artigo 1º.

2. A solicitude de autorización do aproveitamento deberá incluír, como mínimo os seguintes datos: a localización planimétrica, a superficie obxecto do aproveitamento, o número de pés e volume por especie afectada (anexo III).

3. A Administración forestal emitirá as autorizacións nun prazo máximo de 30 días, desde a formalización da solicitude. No caso de non emitirse autorización expresa no prazo de 30 días entenderase

estimada a solicitude. Se a contestación fose negativa deberá xustificarse tecnicamente.

4. As solicitudes de autorización previstas no presente artigo, no caso de montes veciñais en man común e ata que non se doten do instrumento de xestión obrigatorio, deberán incluír un plan facultativo de corta anual, asinado por profesionais con titulación específica forestal universitaria, onde deberá xustificarse, como mínimo, a necesidade ou oportunidade do aproveitamento, así como a súa localización planimétrica, a superficie obxecto do aproveitamento, o número de pés e o volume por especie afectada e a taxación correspondente.

Artigo 4º.-Presentación e resolución das solicitudes.

As notificacións e solicitudes sinaladas nos artigos 1º, 2º e 3º presentaranse na correspondente Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente ou en calquera dos órganos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para efectos da súa resolución pola delegación provincial.

Estas resolucións non esgotan a vía administrativa e contra delas o interesado poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente nos termos e prazos sinalados no artigo 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999.

Artigo 5º.-Obrigas.

O responsable de realizar a notificación ou de presentar a solicitude das autorizacións previstas nos artigos anteriores será o propietario do monte, salvo que exista unha empresa ou particular que se ocupe da xestión do monte ou grupo deles, caso no que será o xestor, o encargado. O xestor deberá contar cun documento que acredite esa potestade de xestión.

A empresa encargada de realizar os aproveitamentos tamén poderá realizar a notificación ou solicitar a autorización, sempre que exista unha delegación do propietario e que conte cun documento que acredite esa delegación.

Artigo 6º.-Excepcións.

Os rareos, as cortas de mellora e os tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial, non requirirán a notificación nin a autorización prevista nos artigos anteriores.

Artigo 7º.-Uso doméstico.

Con carácter xeral, os aproveitamentos que se destinan a uso doméstico, que en ningún caso poderán

superar os 10 m³/anuais por propietario, enténdese que non son obxecto de comercialización, e que unicamente requirirán comunicación á Administración forestal, cun mínimo dun día de antelación á realización del. Esta comunicación deberá recoller, como mínimo, a situación do predio e o número de árbores, especie e volume aproximado obxecto do aproveitamento (anexo IV).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes e Industrias Forestais, para ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación do disposto nesta orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2004.

Xosé Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO I

Coníferas

Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris L.*
Teixo: *Taxus baccata L.*

Fronzosas

Ameneiro: *Alnus glutinosa (L.) Gaertn.*
Pradairo: *Acer pseudoplatanus.*
Freixo: *Fraxinus excelsior L.*
Fraxinus angustifolia Vahl.
Castiñeiro: *Castanea sativa Mill.*
Castiñeiro híbrido: *Castanea X híbrida (resistente tinta).*
Cerdeira: *Prunus avium L.*
Carballo: *Quercus robur L.*
Abeleira: *Corylus avellana L.*
Faia: *Fagus silvática L.*
Cerquiño: *Quercus pyrenaica Will.*
Sobreira: *Quercus suber L.*
Olmo: *Ulmus glabra Huds.*
Ulmus minor Miller.
Loureiro: *Laurus nobilis L.*
Sorbeira do monte: *Sorbus aria.*
Capudre: *Sorbus aucuparia.*
Carballo albar: *Quercus petraea (Matts) Liebl.*
Aciñeira: *Quercus ilex L.*
Quercus rotundifolia.
Castiñeiro para froito: *Castanea sativa Mill.*
Nogueira: *Juglans regia L.*
Érbedo: *Arbutus unedo L.*

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

| |
|------------------|
| Nº DE EXPEDIENTE |
|------------------|

| | | |
|--|---|----------------------------------|
| PROCEDEMENTO NOTIFICACIÓN PARA APROVEITAMENTOS MADEIREIROS EN MONTES PRIVADOS QUE CONTEN CUN INSTRUMENTO DE XESTIÓN APROBADO POLA ADMINISTRACIÓN | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA611A | DOCUMENTO NOTIFICACIÓN |
|--|---|----------------------------------|

COMPRADOR/A (1)

| | | | |
|------|-----|----------|--------|
| NOME | CIF | TELÉFONO | DCE Nº |
|------|-----|----------|--------|

| | | |
|---|-----------|----------|
| Nº REGISTRO DE PROXECTOS DE ORD. E PLANS TÉCNICOS | CANTÓN Nº | RODAL Nº |
|---|-----------|----------|

En cumprimento do disposto na orde _____ pola que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, en aplicación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, sobre regulación de aproveitamentos en montes privados de xestión privada, comunicolle o meu propósito de realizar o aproveitamento que se detalla a continuación:

| | | |
|--------------------------|--|----------|
| CONCELLO | PARROQUIA | |
| LUGAR, PAGO OU SITIO | NOME DO MONTE | |
| EXTENSIÓN TOTAL DO MONTE | EXTENSIÓN TOTAL DA PARCELA QUE SE VAI APROVEITAR | |
| PROPIETARIO | ENDEREZO | |
| CONCELLO | DNI | TELÉFONO |

| ESPECIE | DIÁMETRO EN CENTÍMETROS A 1,30 M DO CHAN (CM) (CON CORTIZA) | ALTURA TOTAL MEDIA (M) | NÚMERO DE ÁRBORES | VOLUME MADEIRA |
|---------|---|------------------------|-------------------|----------------|
| | MENOS DE 10 | | | |
| | DE 10 A 15 | | | |
| | DE 15 A 20 | | | |
| | DE 20 A 25 | | | |
| | DE 25 A 30 | | | |
| | DE 30 A 35 | | | |
| | DE 35 A 40 | | | |
| | DE 40 A 45 | | | |
| | DE 45 A 50 | | | |
| | MÁIS DE 50 | | | |
| | TODAS | | | |

| | |
|------------------------------------|----------------|
| DATA DE COMEZO APROVEITAMENTO | DATA DE REMATE |
| O APROVEITAMENTO REALIZARASE A (2) | APLICACIÓN (3) |
| ESTADO DA MADEIRA (4) | |

Para os efectos da tramitación deste expediente delego a miña representación en _____

| |
|---|
| LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.</i> <i>Orde do 28 de setembro de 2004 pola que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, en aplicación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.</i> |
| O/A COMPRADOR/A O/A PROPIETARIO/A - O/A XESTOR/A (SUBLIÑE A OPCIÓN CORRECTA) |
| _____ de _____ de 200 |

| | | |
|-----------------------------------|--|----------------------|
| (Para cubrir pola Administración) | | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| RECIBIDO | | / / |
| | | DATA DE ENTRADA |
| | | / / |
| | | DATA DE EFECTOS |
| | | / / |
| | | DATA DE SAÍDA |
| | | / / |
| REVISADO E CONFORME | | |

Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente

(1) Cubrir só en caso de delegación expresa de representación por parte do propietario.
(2) Corta a feito, rareo intenso ou moderado, clara (mixta, selectiva, sistemática), entresaca, corta.

(3) Apea, aserrio, desenvolvemento, pasta, trituración.
(4) Verde, queimada.

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Nº DE EXPEDIENTE

| | | |
|--|---|----------------------------------|
| PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN PARA APROVEITAMENTOS MADEIREIROS EN MONTES PRIVADOS QUE NON CONTEN CUN INSTRUMENTO DE XESTIÓN APROBADO POLA ADMINISTRACIÓN | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA611B | DOCUMENTO AUTORIZACIÓN |
|--|---|----------------------------------|

COMPRADORA (1)

| | | | |
|------|-----|----------|--------|
| NOME | CIF | TELÉFONO | DCE Nº |
|------|-----|----------|--------|

En cumprimento do disposto na orde _____ pola que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, en aplicación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, sobre regulación de aproveitamentos en montes privados de xestión privada, solicito da Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais a autorización necesaria para executar en montes de propiedade privada o aproveitamento que a continuación se detalla:

| | | | |
|--|-----------------------------------|--------------------------|-------|
| CONCELLO | | | |
| LÍMITES DA PARCELA DE APROVEITAMENTO (4) | | | |
| N | _____ | _____ | _____ |
| S | _____ | _____ | _____ |
| L | _____ | _____ | _____ |
| O | _____ | _____ | _____ |
| PARROQUIA | LUGAR, PAGO OU SITIO | | |
| NOME DO MONTE | EXTENSIÓN TOTAL ARBORADA DO MONTE | EXTENSIÓN TOTAL DO MONTE | |
| EXTENSIÓN TOTAL DA PARCELA QUE SE VAI APROVEITAR | PROPIETARIO | ENDEREZO | |
| CONCELLO | DNI | TELÉFONO | |

| ESPECIE | DIÁMETRO EN CENTÍMETROS A 1,30 M DO CHAN (CM) (CON CORTIZA) | ALTURA TOTAL MEDIA (M) | NÚMERO DE ÁRBORES | VOLUME MADEIRA |
|---------|---|------------------------|-------------------|----------------|
| _____ | MENOS DE 10 | _____ | _____ | _____ |
| _____ | DE 10 A 15 | _____ | _____ | _____ |
| _____ | DE 15 A 20 | _____ | _____ | _____ |
| _____ | DE 20 A 25 | _____ | _____ | _____ |
| _____ | DE 25 A 30 | _____ | _____ | _____ |
| _____ | DE 30 A 35 | _____ | _____ | _____ |
| _____ | DE 35 A 40 | _____ | _____ | _____ |
| _____ | DE 40 A 45 | _____ | _____ | _____ |
| _____ | DE 45 A 50 | _____ | _____ | _____ |
| _____ | MÁIS DE 50 | _____ | _____ | _____ |
| _____ | TODAS | _____ | _____ | _____ |

| | |
|------------------------------------|----------------|
| DATA DE COMEZO APROVEITAMENTO | DATA DE REMATE |
| O APROVEITAMENTO REALIZARASE A (5) | APLICACIÓN (5) |
| ESTADO DA MADEIRA (5) | |

LEXISLACIÓN APLICABLE
Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Orde do 28 de setembro de 2004 pola que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, en aplicación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

O/A COMPRADOR/A O/A PROPIETARIO/A - O/A XESTOR/A (SUBLIÑE A OPCIÓN CORRECTA)

_____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

| | |
|---------------------|----------------------|
| RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| _____ | _____ / ____ / ____ |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA |
| _____ | _____ / ____ / ____ |
| | DATA DE EFECTOS |
| | _____ / ____ / ____ |
| | DATA DE SAÍDA |
| | _____ / ____ / ____ |

Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente

(1) Cubrir só no caso de delegación expresa de representación por parte do propietario.
 (2) Corta a feito, raro, clara (mixta, selectiva, sistemática) entresaca, corta, corta policía.

(3) Apea, aserriño, desenvolvemento, pasta, trituración.

(4) Deberá presentarse tamén localización planimétrica do aproveitamento nos predios particulares >25 ha arboradas e tamén nas que afectan a especies do Anexo I.

(5) Verde, queimada.

(6) Para cubrir só no caso de MVMC (>25 ha arboradas).

PRESENTA PLAN FACULTATIVO DE CORTA ANUAL (6)

Para os efectos da tramitación deste expediente delego a miña representación en _____

ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

| |
|------------------|
| Nº DE EXPEDIENTE |
|------------------|

| | | |
|---|---|---|
| PROCEDEMENTO COMUNICACIÓN PARA APROVEITAMENTOS MADEIREIROS DESTINADOS A USO DOMÉSTICO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA611C | DOCUMENTO COMUNICACIÓN ⁽¹⁾ |
|---|---|---|

DATOS DO/A INTERESADO/A ⁽¹⁾

| | | | |
|------|-----|----------|--------|
| NOME | CIF | TELÉFONO | DCE Nº |
|------|-----|----------|--------|

En cumprimento do disposto na orde _____ pola que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, en aplicación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, sobre regulación de aproveitamentos en montes privados de xestión privada, comunícolle o meu propósito de realizar o aproveitamento que se detalla a continuación :

| | | |
|--------------------------------------|---------------------------|--|
| CONCELLO | | |
| LÍMITES DA PARCELA DE APROVEITAMENTO | | |
| N _____ | _____ | |
| S _____ | _____ | |
| L _____ | _____ | |
| O _____ | _____ | |
| PARROQUIA | LUGAR, PAGO OU SITIO | |
| NOME DO PREDIO | EXTENSIÓN TOTAL DO PREDIO | EXTENSIÓN TOTAL DA PARCELA QUE SE VAI APROVEITAR |
| PROPIETARIO | ENDEREZO | |
| CONCELLO | DNI | TELÉFONO |

| ESPECIE | DIÁMETRO EN CENTÍMETROS A 1,30 M DO CHAN (CM) (CON CORTIZA) | ALTURA TOTAL MEDIA (M) | NÚMERO DE ÁRBORES | VOLUME MADEIRA |
|---------|---|------------------------|-------------------|----------------|
| | MENOS DE 10 | | | |
| | DE 10 A 15 | | | |
| | DE 15 A 20 | | | |
| | DE 20 A 25 | | | |
| | DE 25 A 30 | | | |
| | DE 30 A 35 | | | |
| | DE 35 A 40 | | | |
| | DE 40 A 45 | | | |
| | DE 45 A 50 | | | |
| | MÁIS DE 50 | | | |
| | TODAS | | | |

| | |
|----------------------------------|----------------|
| DATA DE COMEZO APROVEITAMENTO | DATA DE REMATE |
| TIPO DE OPERACIÓN ⁽²⁾ | |
| ESTADO DA MADEIRA ⁽³⁾ | |

| |
|---|
| LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.</i> <i>Orde do 28 de setembro de 2004 pola que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, en aplicación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.</i> |
| O PROPIETARIO _____ de _____ de 200 |

| | | |
|-----------------------------------|--|----------------------|
| (Para cubrir pola Administración) | | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| RECIBIDO | | / / |
| | | DATA DE ENTRADA |
| | | / / |
| | | DATA DE EFECTOS |
| | | / / |
| | | DATA DE SAÍDA |
| | | / / |
| REVISADO E CONFORME | | |

Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente

⁽¹⁾ Nunca no caso de ser o aproveitamento maior de 10 m³.
⁽²⁾ Corta a feito, rareo intenso ou moderado, clara (mixta, selectiva, sistemática), entresaca, poda.
⁽³⁾ Verde, queimada.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 236/2004, do 23 de setembro, polo que se desafecta do dominio público unha franxa de terreo do recinto da Estación de Inspección Técnica de Vehículos do Espírito Santo, no termo municipal de Sada (A Coruña).

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a titularidade do predio no que se atopa a Estación de Inspección Técnica de Vehículos do Espírito Santo, no termo municipal de Sada.

O inmovible resultou afectado polo expediente expropiatorio do enlace e reorganización de accesos na estrada N-VI, p.k. 583,380. Tramo Espírito Santo (Sada), tramitado polo Ministerio de Fomento, polo que se fai precisa a súa desafectación do dominio público.

Por iso e ao abeiro do artigo 10.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, que sinala que cando os bens e dereitos non fosen necesarios para o cumprimento de fins determinantes da súa afectación, cesará a súa natureza demanial e adquirirán a condición de patrimoniais, sen prexuízo, de ser o caso, do dereito de reversión nos termos da lexislación de expropiación forzosa respecto daqueles bens adquiridos por este título.

Á vista do informe favorable da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, foi tramitado pola Consellería de Economía e Facenda, expediente de desafectación do dominio público do mencionado inmovible, que posibilitará a súa expropiación polo Estado.

Por todo isto, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de setembro de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Desaféctase do dominio público o ben descrito a continuación:

Franxa de terreo paralela á estrada N-VI, duns 4 metros de largo e 130 de longo, que ten unha superficie de 603 metros cadrados e que conta cos seguintes lindeiros: ao norte, estrada N-VI; ao sur, predio matriz; ao leste, instalacións de *José Riego Lomba, S.A.*; e ao oeste, vía de acceso ao polígono industrial do Espírito Santo (Sada).

O predio matriz figura inscrito no Rexistro da Propiedade de Betanzos no tomo 1.855, libro 325, folio 94, predio número 8571, inscrición 3ª.

Artigo 2º

O inmovible anteriormente descrito adquire natureza patrimonial.

Santiago de Compostela, vinte e tres de setembro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

José Antonio Orza Fernández

Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Resolución do 7 de setembro de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pola que se inscribe a Asociación Badische St. Jakobusgesellschaft no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

Examinada a solicitude de inscrición no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago, presentada pola *Asociación Badische St. Jakobusgesellschaft*, de data 1 de setembro de 2004.

Visto o Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago, modificado en parte polo Decreto 209/2002, do 13 de xuño.

Visto igualmente o informe da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, emitido de acordo co artigo 23 do mencionado decreto.

Considerando que a solicitude presentada cumpre as normas establecidas no decreto de referencia,

RESOLVO:

Que a *Asociación Badische St. Jakobusgesellschaft* quede inscrita no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago co número 157.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2004.

Andrés González Murga

Secretario xeral da Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Decreto 237/2004, do 23 de setembro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Pontevedra, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de terminación do alargamento da estrada provincial 6407 Caseda-Brandariz (concello de Vila de Cruces).

A Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión celebrada o día trinta e un de marzo de dous mil